

21 INTENTOS DE CONVERSA (PEQUENA NOVELA POR ENTREGAS)

Saín pasear porque dentro non era capaz de soportar o ruído inapagábel do silencio. Espertei coma se tivese que espertar á hora de sempre, xoguei co tempo, coa miña propia rutina, e transformeina nun plano único: os sectores en que divido o día caeron. Saio coma sempre e baixo soa no ascensor. Atraveso as portas acristaladas. Cando saio do edificio, noto unha parte da alma, superficial, que me persegue, atada ás miñas costas, a súa aperta xélida retense, arrodeame. Esa parte é coa que marcho. Outra queda, enleada entre os cristais do espello do ascensor, subindo e baixando entre os pisos. Esa é a parte que queda, a que me permite lembrar o enderezo de volta.

Cando me atopo entre as árbores que arrodean o camiño, podo chegar a sentir que a envoltura do seu aroma oculta o exterior. O aire é verde e a densidade que lle confire a humidade do ambiente queda suspendida tras o filtro das follas secas e as pólas escuras. Case non hai xente, porque case non é de día. Véxome nos reflexos da auga que quedou estancada entre as lastras rugosas, entre os sucos, pola noite que choveu. Sitúome, así, nunha alborada, que constitúe o cabodano das estrelas nocturnas, e mentres xa non orballa e as raiolas de luz se manteñen baixo a liña do horizonte, seguirei movendo as pernas ao compás do corazón.

A pureza do momento transitorio permíteme a evasión, e tal vez comprendo un pouco máis todas as palabras que escoitei algunha vez, todos os sucesos. Poida que os traxectos constitúan as partes do día que debemos adicar ao pensamento, á reflexión. Encher os ocos- que intento non querer encher- cos sons artificiais golpéame e o abatimento xera tal onda que se expande en forma de vagas de preguiza. Os sons da natureza son aqueles nos que nós mesmos nos recreamos, a

liña de pensamento, que pende desa alma que é nosa e ao mesmo tempo sobrevive a través dunha inevitábel aperta ás nosas costas.

Regreso para recoller a bolsa do traballo, e porque sempre vou en coche. Desandar é máis difícil, porque teño unha sensación lixeiramente semellante á de abandono, ou, ao mellor, só quero quedar no banco de pedra, e non facer, e non sentir máis ca o tacto superficial contra o obxecto, inerte. Penso, con cada paso, nunha nota musical, que resoa entre os oídos, que morre sen se materializar, nun mundo abstracto e figurado, inexistente.

Comeza a chover cando rozo a porta acristalada e a escena que presencio evócame unha escena moi semellante que vivín a pasada semana. O do segundo, o fillo da señora, camiña baixo o paraugas mal aberto, sostido en equilibrios errados sobre o ombreiro, e entre as mans leva as bolsas da compra. Sostegno a porta aínda coa lembranza da muller encollida.

- Bo día.- Saúda cun xesto vago e distraído. Chamo o ascensor.
- Ola. - Suspira e noto o peso da responsabilidade pendurar das súas mans, case semella que esqueceu a súa función de interlocutor.
- *Tu* es a que axudou a miña nai a semana pasada subir as bolsas? Teño que darte as grazas, é que ás veces me esquezo completamente...- Asinto e ollo a sombra baixo os ollos, os sucos de sono. Deixa as bolsas no chan para pechar correctamente o paraugas.- Non *mirei* a televisión antes, que senón tería collido un paraugas, este deixoumo o don Eladio, que ía paseando por aquí preto. Debémolles *muíto* a *íste* home...- Ao mellor é a tormenta interna, que se reflicte das pupilas de carbón, a que provoca que, nestes últimos días, todos os veciños estén a falar do tempo. É posible, tamén, que non sexa tan amplo o repertorio de

conversas que se entretecen tras o burato. Abre o ascensor e sae Eva, co seu ollar transparente e brillante.

- Bo día!- Mostra o seu sorriso de framboesa e sae.- Falou, *logho*, Eladio convosco sobre a reunión?- Asinto e a ollada de confusión do do segundo faime sentir actualizada sobre as novas do edificio.
- Que reunión? E iso que acabo de *miralo* hai un anaco... Pero non me sorprende non ter escoitado, a verdade, como vos *enterais* sempre de todo o que pasa?
- Díxomo o outro día, nas escaleiras, que Elena quería comentarnos unhas *opiniós* sobre non sei que das flores. Esa muller búscalle o *matís* a todo.
- Si, as opinións de Elena ben servían para encher un libro enteiro. Pero vou ir, que quero enterarme.
- Eu verei se teño tempo, que teño moito traballo pendente na escola...

Entramos no ascensor e experimento unha confusa sensación. Decátome de que o burato que vislumbro pode ser tan só unha sombra, a miraxe dun burato verdadeiro, máis profundo, que abriron os veciños, entre todos, co paso dos anos, afianzándose nos alicerces do propio edificio. O home despídese enseguida e eu continuo a atender as ideas, que flúen, á deriva, dentro da mente esperta.

Sinto a maldición do desexo fondo e imposíbel, só penso nos medios, que semellan insuficientes. É imposíbel construír sobre o pasado, as herbas mortas enchen o terreo de raíces envelenadas. Cultivar con palabras o futuro é o que pode salvarme de quedar atrapada na sombra do oco, polo menos, agora sei a diferenza, sutil, entre as luces do ascensor.